

2.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9 DE XANEIRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO

Ausentes:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 54 DE DATA 26 DE DECEMBRO DE 2016.

Aprobouse a acta número 54/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 26 de decembro de 2016.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

2.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para adecuación de local existente para uso de venda de roupa, na rúa Principal, 18 de Lalín.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

3.1.- Acordouse a alta na *TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE* para vado permanente con destino a almacén para o baixo do edificio ubicado na Rúa Arenal, nº 33.

3.2.- Acordouse a alta na *TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE* para vado permanente con destino provisional a garaxe de vehículos con 3 prazas para o baixo do edificio ubicado na Rúa B, nº 62.

3.3.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 01/2017, con carácter provisional ata o 09/01/2018.

3.4.- Acordouse anular a subvención concedida para a realización da actividade denominada “*Concurso Literario*”, ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para a realización de actividades culturais e educativas para o ano 2016*.

3.5.- Acordouse iniciar a tramitación do expediente de “*MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 15 DO PXOM. DE LALÍN*”.

3.6.- Acordouse proceder á contratación e nomeamento como laboral interino a media xornada das dúas persoas seleccionadas na Bolsa de Emprego de monitor/a deportivo.

4.- CORRECCIÓN DE ERROS.

4.1.- Acordouse corrixir o erro detectado na sesión de Xunta de Goberno de 26 de decembro de 2016 de recoñecemento da obriga en concepto de “*Exp. 139/2016 Execución de títulos xudiciais*”.

4.2.- Acordouse corrixir o erro detectado na sesión de Xunta de Goberno de 26 de decembro de 2016 de recoñecemento da obriga en concepto de “*aluguer furgoneta 9 prazas Opel Vivaro*”.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

5.1.- Dáse conta do escrito co que achegan notificación da resolución de data 29 de decembro de 2016 na que comunican a revogación da provisión do posto de Secretaría-Intervención do Concello de Irixo.

5.2.- Dáse conta do escrito presentado no que comunica que dispónse a realizar un torneo de balonmán para todos os equipos de Galicia en categoría infantil e cadete tanto masculino como feminino, que terá lugar os días 28, 29 e 30 de xuño de 2017, nas instalacións do Complexo Deportivo Lalín-Arena (Lalín).

5.3.- Dáse conta do escrito presentado no que comunica que dispónse a realizar un torneo de balonmán para todos os equipos de Galicia en categoría infantil e cadete tanto masculino como feminino, que terá lugar os días 28, 29 e 30 de xuño de 2017, nas instalacións do Complexo Deportivo Lalín-Arena (Lalín) e no que solicita a colaboración de Protección Civil de Lalín ou voluntarios da Asociación de Protección Civil para que participe como supervisores en caso de emerxencia.

5.4.- Dáse conta do escrito presentado no que comunica que dispónse a realizar un torneo de balonmán para todos os equipos de Galicia en categoría infantil e cadete tanto masculino como feminino, que terá lugar os días 28, 29 e 30 de xuño de 2017, nas instalacións do Complexo Deportivo Lalín Arena (Lalín) e no que solicita a utilización das pistas polideportivas e a utilización dos vestiarios do Complexo Deportivo Lalín-Arena para a realización do dito evento.

5.5.- Dáse conta do escrito presentado **INVITANDO** o Sr. Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Lalín para a entrega de premios que se realizará o día 30 de xuño de 2017, con motivo da celebración dun torneo de balonmán para todos os equipos de Galicia en categoría infantil e cadete tanto masculino como feminino.
